

Traballo 1º avaliación: ODS 16: PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓN SÓLIDAS.

3º ESO. IES RICARDO MELLA. XEOGRAFÍA E HISTORIA

No ano 2015, os países que forman parte da ONU (Organización das Nacións Unidas) aprobaron a Axenda 2030, un plan de acción mundial para mellorar a vida das persoas, protexer o planeta e garantir a paz. Esta axenda concrétese nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS): un conxunto de 17 obxectivos que abarcan desde a loita contra a pobreza e a fame ata a igualdade de xénero, a educación de calidade ou a acción polo clima.



Cada ODS ten metas específicas que os países comprometéronse a cumprir antes de 2030. Todos están conectados: sen xustiza non hai paz, sen paz non hai desenvolvemento, e sen institucións sólidas non se poden garantir dereitos.

<https://youtu.be/l7zUc9FFGgo>

Nesta actividade imos centrarnos no **ODS 16: Paz, xustiza e institucións sólidas**, que procura reducir a violencia no mundo, promover a xustiza e garantir que os gobernos e organizacións internacionais respecten os dereitos humanos. Para traballar este ODS imos centrarnos no **conflito de Palestina**, un exemplo actual onde se poñen en cuestión dereitos humanos fundamentais, o papel de organismos internacionais como a ONU ou a actuación da comunidade internacional. Abordarémolo desde a Xeografía e a Historia, investigando:

- O territorio e a poboación de Palestina e Israel.
- As orixes históricas do conflito.
- O significado de conceptos como xenocidio, crimes contra a humanidade e violación de dereitos humanos.
- A comparación con casos de xenocidios recentes, como o de Ruanda.
- Unha reflexión persoal sobre a paz, a xustiza e o papel da comunidade internacional.

Para convertirmos en **cidadáns críticos, conscientes e responsables**, capaces de participar activamente na sociedade, defender os dereitos humanos e contribuír á construción dun mundo máis xusto e en paz é fundamental que desenvolvamos a nosa

capacidade crítica. Isto implica **informarse en fontes diversas** para comprender mellor a realidade ou coñecer as raíces históricas **dun conflito** antes de opinar.

Deste xeito poderemos **formar opinións propias, xustas e argumentadas**, sen deixarnos manipular por titulares, redes sociais, medios de comunicación ou polas ideas doutras persoas.

INSTRUCCIÓNS:

1. O traballo é individual e debe ser orixinal (a copia será motivo de penalización ou suspenso da actividade).
2. **FORMATO:** Ten que ser realizado en papel, **escrito a man e en galego**, para entregar á profesora. Debe incluír unha portada co nome, apelidos e curso.
3. A continuación tes as tarefas que tes que facer. **Copia o enunciado subliñado** (tarefa) e fai o que se indica.
4. Recorda que este traballo supón o 20% da cualificación da 1ª avaliación (2 puntos).
5. Ollo coas faltas de ortografía, poden restar ata 0,20.

Parte 1: Contexto xeográfico

O primeiro paso é coñecer o contexto xeográfico de Palestina e Israel, a súa poboación e clima.

Tarefa: Realiza un cadro comparativo (Palestina/Israel) cos seguintes apartados:

	ISRAEL	PALESTINA
• Territorio físico: Localización, superficie e extensión. Medio físico: relevo (montañas, chairas, costas) e recursos naturais.		
• Territorio político: Capital. Cidades principais e a súa importancia. Fronteira con outros países.		
• Clima: Tipo de clima predominante. Temperaturas e precipitacións. Influencia do clima na vida da poboación e actividades económicas.		
• Poboación: Número aproximado de habitantes. Densidade de poboación e distribución. Composición étnica e relixiosa.		
• Economía: PIB per cápita, actividades económicas predominantes...		

Parte 2. Orixes do conflito – investigación histórica e redacción de informe.

Tarefa: Investiga as orixes do conflito Israel-Palestina e elabora un breve informe (extensión: 2 caras máximo.).

Ten en conta o seguinte eixo cronolóxico, que sinala momentos clave:

- **1917:** Declaración Balfour → o Reino Unido promete un “fogar nacional xudeu” en Palestina.
- **1922:** Mandato Británico de Palestina.
- **1947:** Plan de partición da ONU → propónse dividir o territorio nun Estado xudeu e un árabe, con Xerusalén baixo control internacional.
- **1948-1949:** Guerra árabe-israelí e **Nakba**.
- **1967:** Guerra dos Seis Días
- **1993-1995:** Acordos de Oslo.
- **2005:** Israel retírase de Gaza, pero mantén control fronteirizo, marítimo e aéreo.
- **7 de outubro de 2023:** o ataque de **Hamás contra Israel** desencadena a guerra actual en Gaza

Emprega páxinas web fiables. Por exemplo:

Recomendación: comeza pola seguinte páxina da ONU: **La cuestión de Palestina – ONU:**

<https://www.un.org/unispal/es/history/>

EOM: <https://elordenmundial.com/mapas-y-graficos/siete-decadas-de-conflicto-israeli-palestino/>

Qué es Hamas y otras claves para entender el conflicto:

https://www.nationalgeographic.com.es/mundo-ng/guerra-entre-israel-hamas-claves-para-entender-conflicto_20837

Oficina del Alto Comisionado para los Derechos Humanos (OHCHR) – Estado de Palestina (versión en español): <https://www.ohchr.org/es/countries/palestine>

Amnistía Internacional (sección en español – Israel y Territorios Palestinos Ocupados).

Información actual, informes, denuncias de violacións de dereitos humanos:

<https://www.amnesty.org/es/location/middle-east-and-north-africa/middle-east/israel-and-the-occupied-palestinian-territory/>

UNRIC – El reconocimiento de Palestina en la ONU (en español). Información sobre cómo e cando Palestina foi recoñecida como Estado observador, con contexto histórico internacional.

Orixe de Israel  **Cómo se creó el Estado de Israel | BBC Mundo**

Conflitos e colonos  **Qué son los asentamientos israelíes y qué desató las intifadas pal...**

Por que ten tanta forza Israel?

  **¿POR QUÉ ISRAEL ES TAN RICO y PODEROSO? | La historia de como Israel se...**

Que é un informe?

Un informe é un texto expositivo que presenta de maneira ordenada e clara información obtida tras un proceso de investigación. O seu obxectivo é informar de forma obxectiva, usando datos verificables e unha linguaxe adecuada.

Estrutura:

Introdución: Contexto histórico breve.

Desenvolvemento: Feitos, causas e consecuencias do conflito.

Bibliografía: Fontes consultadas (libros, artigos, webs fiables).

Normas de redacción:

Usa oracións completas e claras.

Evita repetir palabras ou ideas; usa sinónimos.

Aplica conectores para ordenar a información:

-Temporais: antes, despois, posteriormente, actualmente.

- Causa-consecuencia: porque, debido a, por tanto, como resultado.

- Adición: ademais, tamén, así mesmo.


- Contraste: con todo, aínda que, doutra banda.

- Respecta ortografía e acentuación (acento en palabras agudas, graves, esdrúxulas; uso correcto de b/v, c/s/z, g/j).

- Usa parágrafos para organizar ideas (cada parágrafo unha idea principal).

Tarefa 2. Observa os mapas de Palestina e responde:

- Que cambios observas no territorio palestino representado en cada mapa?



Fonte:

<https://elordenmundial.com/mapas-y-graficos/siete-decadas-de-conflicto-israeli-palestino/>

Parte 3. Traballa con conceptos clave:

Tarefa 1: Busca o significado dos seguintes conceptos:

- Xenocidio
- Crimes contra a humanidade
- Violación dos dereitos humanos

Tarefa 2: Na guerra todo vale?. Le e BUSCA información.

Existen leis internacionais que limitan o que se pode facer nunha guerra, protexendo á poboación civil e aos prisioneiros. Isto non é algo novo. Sempre houbo intentos de poñer límites á guerra para protexer aos inocentes. As regras cambiaron e perfeccionáronse, pero a idea de fondo é a mesma:

Mesmo na guerra hai normas que deben respectarse.

Por exemplo:

- *En Grecia e Roma existían acordos para respectar aos mensaxeiros e non matalos, porque eran os encargados de negociar a paz.*
- *Na Idade Media a Igrexa católica promoveu a “Paz de Dios” e a “Tregua de Dios”, que prohibían atacar a campesiños, mulleres, nenos e clérigos, e establecían días nos que non se podía loitar (como festivos relixiosos).*
- *Os códigos de cabalería obrigaban aos cabaleiros para respectar aos prisioneiros nobres e a non matar por traizón.*
- *Nos séculos XVI e XVII, coa aparición de exércitos profesionais, asinábanse capitulacións: acordos para renderse sen ser asasinados, a cambio de entregar a praza ou cidade. Algúns tratados prohibían envenenar pozos ou usar veneno nas frechas.*
- *No século XIX empezáronse a asinar convenios internacionais, como o Convenio de Xenebra de 1864, que estableceu a protección aos feridos e ao persoal sanitario no campo de batalla (orixe da Cruz Vermella).*
- *Hoxe, o Dereito Internacional establece regras sobre como se pode loitar. Por exemplo:*
 - *Non atacar a civís nin hospitais.*
 - *Protexer aos prisioneros de guerra.*
 - *Prohibido empregar armas químicas ou biolóxicas.*
 - *Ten que permitirse a entrada de axuda humanitaria.*

Responde: Que é o Dereito Internacional Humanitario?

Tarefa 3: Investiga sobre a ONU:

ONU son as siglas da Organización das Nacións Unidas. É unha organización internacional creada en 1945, despois da Segunda Guerra Mundial, co obxectivo de evitar novos conflitos e velar pola paz e a cooperación entre os países.

- Ten 193 Estados membros (case todos os países do mundo).
- A súa sede principal está en Nova York (EE. UU.).
- O seu símbolo é un mapa do mundo rodeado por ramas de oliveira (que representan a paz).
- Entre os seus organismos máis importantes están: UNICEF (defensa dos dereitos da infancia); ACNUR (apoio a refuxiados); OMS (Organización Mundial da Saúde); ou UNESCO (educación, ciencia e cultura).

Responde ás seguintes cuestións:

- Busca información e explica cales son as funcións da ONU.

- Que son os cascos azuis? sinala un conflito no que interviñeran.

Parte 4. Análise de noticias – comparación de medios e reflexión crítica.

Tarefa 1: Busca tres noticias recentes sobre Gaza en xornais de distinta ideoloxía (dereita, esquerda, centro), anota o titular e responde ás seguintes preguntas de reflexión:

- Que ton ten o artigo (informativo, crítico, emocional)?
- Que termos empregan para referirse aos feitos (por ex. “ataque”, “defensa”, “masacre”).
- Que diferenzas atopaches en como presentan os feitos?
- Inflúe a ideoloxía do medio na túa percepción do conflito? Crees que a ideoloxía do medio inflúe en como presentan os feitos? Como?
- Crees que todas as noticias informan de maneira obxectiva?
- Compara estas noticias co teu informe: hai diferenzas importantes na forma de presentar os feitos?

Parte 5. Comparación con outros xenocidios.

Tarefa 1: Investigar outros casos de xenocidio na Historia recente.

Agora, xa coñeces a definición de xenocidio. A cualificación da actuación de Israel como un xenocidio xerou controversia nos últimos meses.

Desde 2023, o conflito en Gaza cobrou miles de vidas, destruíu infraestruturas civís, provocou desprazamentos masivos e unha grave crise humanitaria. Varias entidades vinculadas á ONU comezaron a emitir informes, declaracións ou investigacións relacionadas con estes feitos, e algunhas delas sinalan que poderían estar a se cumprir os criterios xurídicos do xenocidio. Por exemplo:

- Unha Comisión Internacional Independente de investigación da ONU concluíu recentemente que Israel cometeu e segue cometendo xenocidio en Gaza, sinalando que ocorreron catro dos cinco actos prohibidos pola Convención para a Prevención e Sanción do Delito de Xenocidio de 1948.
- Francesca Albanese, relatora especial da ONU sobre os dereitos humanos nos territorios palestinos ocupados, advertiu que “o pobo palestino corre un grave risco de xenocidio”.
- Outro informe do Comité Especial da ONU afirmou que a ofensiva de Israel en Gaza “é consistente coas características dun xenocidio”, mediante accións como usar a fame como método de guerra, impedir axuda humanitaria, atacar infraestruturas civís, etc.

Na Historia recente, por desgraza, atopamos numerosos exemplos de xenocidios como o de Ruanda ou Bosnia. Busca información sobre algún e elabora un pequeno informe atendendo ás seguintes cuestións (mínimo media cara- máximo 1):

- Causas e antecedentes: conflitos étnicos, políticos, relixiosos.
- Desenvolvemento: datas cruce, principais responsables, vítimas.
- Intervención internacional: se houbo ONU ou outras organizacións, como actuaron e cando.
- Consecuencias: mortes, desprazamentos, xuízos internacionais.

Preguntas guía:

- Interviu a ONU ou a comunidade internacional?
- Foi eficaz a intervención? Por que si ou por que non?
- Aplicáronse leis internacionais para protexer á poboación?
- Que dereitos foron violados neste xenocidio?

- Compara co conflito de Gaza: que diferenza
- Compara co conflito de Gaza: que diferenzas observas na resposta internacional?
- Busca algunha noticia da época sobre o conflito e anota o titular.

Parte 6. Reflexión persoal – opinión propia e emocións fronte ao conflito.

Tarefa 1: Escribe a túa opinión persoal (min. media cara- máximo 1)

Preguntas guía:

- Que sentimentos provócache a información que investigaches?
- Crees que en Gaza estanse a respectar os dereitos humanos? Pensas que o que está a acontecer pode considerarse un xenocidio? Explica a túa opinión.
- Que papel cres que deberían ter a ONU e outros países?
- Que factores facilitan ou dificultan a intervención internacional?
- Que rol xogan os medios de comunicación na percepción pública dun conflito como este?
- Como podemos aplicar o aprendido á prevención de futuros conflitos?
- Cambiou o teu coñecemento e percepción do conflito despois do que investigaches? Como?. Resume a túa postura persoal e o que máis che impactou.

Ollo coa expresión escrita!

- Usa parágrafos claros: cada bloque de ideas nun parágrafo.
- Emprega conectores para organizar o texto:

Para emocións: faime sentir, sorpréndeme, preocúpame.

Para comparación: en cambio, doutra banda, de maneira similar.

Para conclusión: en resumo, por tanto, finalmente.

- Respecta a ortografía e os signos de puntuación.
- Escribe en primeira persoa, pero sempre con respecto e argumentando a túa opinión.

Ao coñecer os feitos sobre o conflito de Gaza, síntome...”

“A información sobre os ataques e vítimas fíxome pensar en...”

“Tras investigar e analizar diferentes fontes, creo que...”

“Esta actividade fíxome comprender que...”

Debate en clase – argumentos sobre intervención internacional e dereitos humanos.

- Crees que en Gaza estanse a respectar os dereitos humanos? Pensas que o que está a acontecer pode considerarse un xenocidio? Explica a túa opinión.
- Que papel cres que deberían ter a ONU e outros países?
- Que medidas crees que deberían tomarse para protexer á poboación civil?
- Por que algunhas intervencións prodúcense e outras non? Que factores facilitan ou dificultan a intervención internacional?
- Que rol xogan os medios de comunicación na percepción pública dun conflito?
- Como podemos aplicar o aprendido á prevención de futuros conflitos?